



NOTA INFORMATIVA

AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Estimadas familias,

Informamos de que con data 21 de maio de 2024 foron publicadas as axudas para:

- Participar no fondo solidario de libros de texto en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
- Adquirir libros de texto en 1º e 2º de Educación Primaria e en Educación Especial.
- Adquirir material escolar en Educación Primaria e Educación Especial.

Existen dous tipos de axudas:

a) Material escolar: Para todo o alumnado que realice Educación Primaria no curso 2024/2025.

- 75 € se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
- 60 € se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€

b) Libros de texto:

1) Alumnado que no vindeiro curso realizará 1º e 2º de Educación Primaria:

- Axuda de 240 €, se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
- Axuda de 160 €, se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€
- Axuda de 300 €, para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

2) Alumnado que no vindeiro curso realizará 3º e 4º de Educación Primaria:

- 6 libros, se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
- 4 libros, se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€
- 6 libros, ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

(O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria non pode solicitar o fondo de libros ao estar incluídos no proxecto de Educación Dixital E-Dixgal. Unicamente poderán optar ás axudas de material escolar. A solicitude é a mesma.)

- ❖ No caso de varios irmáns entregárase unha única solicitude na que se recollan os datos de todos eles.

FORMA DE PRESENTACIÓN

As persoas titoras, nais, pais ou representantes legais do alumnado poderán presentar a solicitude:

- » De forma telemática: Unha solicitude por alumno ou alumna:

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

- » De forma presencial na secretaría do centro: unha solicitude por familia.

- ❖ Recorden poñer como solicitante a persoa (pai ou nai) que virá a recoller a axuda ao centro.

PRAZOS

- » O prazo para presentar as solicitudes: do **21 de maio ao 21 de xuño**.
- » Horario de presentación na secretaría: de luns a venres de 09:05h. a 14:00h.

A falta de devolución dos libros de texto do presente curso (3º e 4º de Primaria) será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2024/25.

A devolución dos libros de texto (3º e 4º de Primaria) farase como último día o 21 de xuño.

As listaxes de admitidos e excluídos das axudas e do fondo de libros publicaranse no taboeiro ubicado no interior do centro educativo nas seguintes datas:

Listaxe provisional: 27 de xuño

Listaxe definitiva: 2 de xullo Se tedes calquera dúbida poñédevos en contacto co Equipo Directivo.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo I) a seguinte documentación:

- a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia (non se considera válido o certificado de empadramento).
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

c) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.